ÿ Amortización anticipada en aplicación del art. 32 LOEPSF por importe de 193.920,54 €.

Aunque la primera circunstancia ha producido un retraso en el inicio de la amortización anticipada, esto se ha visto compensado con la segunda. Así, el endeudamiento a 31/12/2014 es de 2.000,57 €, un -12,05% menos que el objetivo del Plan de ajuste.

Descripción	Plan de ajuste	2014	Variación
Ahorro bruto	1.313,80	1.097,53	-16,46%
Ahorro neto	4,58	-168,34	-3.775,54%
Ahorro neto después de aplicar el remanente de t ²		-162,41	0,00%
Saldo de operaciones no financieras	1.307,50	765,95	-41,41%
Ajustes SEC	-364,99	-540,12	4798%
Capacidad/necesidad de financiación	942,51	225,83	-76,03%

En cuanto al resto de magnitudes evaluadas, los resultados no son del todo positivos. Cuando se analizaba la diferente tendencia de los ingresos y gastos corrientes, se mencionó el efecto negativo en el ahorro. No obstante, el ahorro bruto es positivo aunque ligeramente inferior al objetivo previsto en el Plan de ajuste (un 16,46% inferior), pero el ahorro neto es negativo, debido a la elevada carga financiera. Hay que tener en cuenta, que este ahorro neto no está calculado de acuerdo con los criterios del artículo 53 del texto refundido de la Ley de haciendas locales, sino que considera el gasto presupuestario. Habrá que esperar al cálculo según la definición legal para evaluar las consecuencias que la normativa prevé en caso de incumplimiento. En cuanto a la carga financiera, hay que recordar que en el 2014 se produce una amortización anticipada de 193,92m€ que, de no haberse producido daría lugar a un ahorro neto positivo. Esta amortización anticipada no tiene efectos negativos en el cálculo del ahorro neto legal, al contrario, ya que, dado que mantiene en este caso el mismo plazo de amortización, reduce la anualidad teórica de amortización de la operación afectada y, por tanto, incrementa el ahorro neto.

4.- Avance del remanente de tesorería

Cantidades en miles de euros	Datos del Plan de ajuste	Avance	Desviación (%)
Remanente de t ² gastos generales	-1.059,08	-176,77	83,30%
Exceso de financiación afectada		114,98	
Saldos de dudoso cobro	435,62	931,09	113,73%

De los datos presupuestarios anteriores resultó un desequilibrio presupuestario, ya que los gastos totales (6.538,56m€) superaron los ingresos (6.037,64m€). Ello se refleja en un remanente de tesorería para gastos generales negativo. Si bien, en la información presupuestaria trimestral resultó un dato de -396,62m€, para estimar un avance, se tendrán en cuenta las siguientes subvenciones que, salvo error u omisión involuntaria, están pendientes de aplicación:

Descripción	IPA
Festa da Patela	50.617,12
SAF dependencia	62.387,39
AEDL 2013	11.121,33
Pos 2013 (Saneamento Ourille)	55.197,98
Pos 2013 (Saneamento Te)	40.528,18
Total	219.852,00
Total m€	219,85

Debido a ello, se estima un remanente de tesorería para gastos generales de -176,77m€, en lugar del consignado en la ejecución presupuestaria del cuarto trimestre del 2014 (-396,62m€).

5.- Información de avales recibidos del sector público

No consta que se hayan recibido

6.- Información sobre operaciones o líneas de crédito contratadas y contratos suscritos con entidades de crédito para facilitar el pago a proveedores

Se ha actualizado la CIR local certificando la deuda viva a 31/12/2014.

7.- Informe trimestral de seguimiento de deuda comercial

Obligaciones reconocidas pendientes de pago clasificadas por antigüedad	Año 2014				Año 2013	Año 2012	Ejercicios anteriores	Total
	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre				
Capítulo 2	13,03	41,21	103,89	146,16	3,34	14,53	4,63	326,79
Capítulo 6	0,00	5,58	2,66	44,68	0,00	0,00	0,00	52,92
Otra deuda comercial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	13,03	46,79	106,55	190,84	3,34	14,53	4,63	379,71

También pregunta el formulario de la plataforma por el cumplimiento de la obligación de remisión de los informes de la ley contra la morosidad a través de la misma, a lo que se responde positivamente.

8.- Información sobre operaciones con derivados y otro pasivo contingente

(En miles de euros)		Saldo a:			
Otro pasivo contingente	Descripción	a 31 de marzo	a 30 de junio	a 30 de septiembre	a 31 de diciembre
Pasivo 1	Liquidación contrato piscina		58.487,69	84.485,87 €	0,00 €
Pasivo 2	Sentencia Ute biblioteca Intereses de demora		107.637,49	0,00 €	0,00 €
Pasivo 3					
Pasivo 4					
Resto de pasivos contingentes					
Total			166.125,18	84.485,87	0,00 €

En relación a los dos conceptos de pasivo contingente, el primero se trata de una reclamación no conformada y, actualmente, indeterminada, y en el segundo, parte se consignó en el presupuesto y otra parte, fue objeto de aplazamiento, pero deberá figurar como gasto pendiente de aplicación presupuestaria por la cantidad aplazada (40.365,47 €)

9.- Plazo previsto de finalización del plan de ajuste.

Será necesario continuar con las medidas contenidas en el plan de ajuste del para ver si se consolida el cumplimiento de los objetivos contenidos en el mismo.

SEGUNDA: Publicidad del informe de seguimiento

De acuerdo con el art. 10 RD-ley 7/2012, este informe deberá elevarse al Pleno para du dación de cuenta.

Los datos contenidos en el mismo, y el propio informe explicativo en formato pdf, deben ser volcados en la plataforma telemática de captura de datos habilitada al efecto, y ser firmada por el Interventor la remisión, finalizando el plazo el 31 de enero de 2015.

Rianxo, 30 de enero del 2015>>

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

6º.- MODIFICACIÓN MEMBROS DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTE, XUVENTUDE, MULLER E SANIDADE, SOLICITADA POLO GRUPO MUNICIPAL PPdeG.

O Sr. Alcalde da conta do escrito presentado polo grupo municipal PPdeG o 19/02/2015 cara a mudar o suplente da Comisión informativa de Deporte, Xuventude, Muller e Sanidade, pasando a ser D. José Ricardo Besada Gesto.

En consecuencia a composición da Comisión é a seguinte:

COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTE, XUVENTUDE, MULLER E SANIDADE.

Presidente: D/Dª JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO.-

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/Dª HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- Suplente: D/Dª Mª TERESA SOBRADELO IGLESIAS

- Grupo P.P.:

Titular: D/Dª Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA.-Suplente: D/Dª JOSE RICARDO BESADA GESTO

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/Dª JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO.- Suplente: D/Dª ANA MARIA AGRELO REY.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

7.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocions de urxencia.

O alcalde trae por urxencia os textos de negociación, no día de hoxe sometido á mesa de negociación así como os informes de secretaría e intervención.

5.1.- RATIFICACIÓN DOS TEXTOS DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA:

- ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO

- CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O alcalde, xustifica a urxencia no compromiso adquirido co persoal municipal xa no ano pasado en que se dispoñía do texto, obxecto de negociación, e que fai dous días aínda someteuse de novo a aprobación dos empregados en Asemblea e na mañá de hoxe á Mesa de Negociación.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 13 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 4 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

O alcalde comenta que tratase da ratificación dos textos:

ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO.-

CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE RIANXO.-

Ambos sometéronse ao longo destes meses a negociación colectiva e aínda o martes desta semana á última asemblea dos empregados públicos cara a ter en conta as últimas discrepancias que se observaron, a pesar de que os textos finais son bastantes comedidos debido as circunstancias económicas actuais e as limitacións legais existentes.

No día de hoxe celebráronse as Mesas de negociación e asináronse cos representantes sindicais que correspondían cada un dos textos, tal e como consta nas sendas actas que constan no expediente.

Asemade solicitouse o informe de secretaria e intervención ao respecto da súa conformidade coa normativa vixente, que se emitiu hoxe.

A pesar de que gozarían de vixencia retroativa á sinatura como se indica no texto, procede someterse a ratificación de órgano administrativo que, ante o seu carácter regulador xeral aínda que unicamente interno, isto é, da organización, compételle ao pleno corporativo.

O alcalde di que con estes textos remata así a situación extraordinaria deste concello que dispoñía duns textos do ano 2011, que foran unha negociación de mínimos e que había que actualizar, completar e na medida do posible mellorar.

Procurouse ir mais aló vadeando todas as posibilidades. Comenta un par de permisos que se engadiron a maiores dos admitidos legalmente como, por exemplo, no caso de enviuar con fillos menores ou capacidades diferentes danse 10 días naturais a maiores dos do falecemento, que moralmente considera que non é nada descabellado e si é entendible, tamén destaca a procura de homologación de grupos e retributiva, o fondo social, e outros aspectos de importancia que se irán concretando nos prazos marcados, o rexistro de persoal, etc.

Ao mesmo tempo lembra que os textos recollen os deberes e obrigas dos traballadores, como o do control horario. Así que de igual xeito que hai os beneficios dos permisos procede tamén cumprir con todas as obrigas rigorosamente.

Agradece a seriedade do comité de empresa e do delegado de persoal no seu entendemento de ata adonde podía chegar o concello. O propio presidente do comité de empresa tildouno como un “convenio histórico”. É ambicioso, prevese a elaboración nun prazo da RPT e catalogo de postos. Prevensen outra serie de anexos que iran engadíndose previa negociación.

O alcalde abre a quenda de intervencións.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que o Partido

Popular de Rianxo non entende como cando o luns as 21:00 horas se convocou ao Pleno, non se advertiu para estar pendentes e contar con esta documentación sobre o acordo marco de funcionarios e convenio do persoal laboral. Di a voceira que supón que lles levaría facelo máis de 36 horas, que foi cando o recibiron. O Partido Popular de Rianxo gustaríalle estar informado con mais antelación acerca de este tema, porque nos parece de demasiada importancia como para meter á lixeira nun Pleno a través do procedemento de urxencia, é dicir, sen darnos tempo para estudar con detemento os ditos documentos ou poder solicitar informes ó respecto. Aínda así, estudamos os textos e falamos cunha vintena de traballadores que nos amosaron o seu acordo con este convenio e acordo. Polo tanto, o grupo municipal do PP, vai a votar a favor.

O alcalde da paso ao terceiro tenente de alcalde Joaquín Domínguez Salgado (PSdeG-PSOE), que comeza a súa intervención dicindo que é un momento histórico que xa de por case xustifica unha lexislatura, o poder dispor o persoal municipal dos seus propios textos de negociación colectiva. Da os parabéns aos representantes dos traballadores, Carlos Gey e a todos os que o fixeron posible.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, amosa o apoio do BNG á proposta, verase de mellorar cando se poida, mais cando menos permite darlle aos traballadores municipais aquilo ao que todo traballador ten dereito.

Adolfo Muíños Sánchez di que para rematar o debate engade que foi un grande esforzo, agora tras ratificarse mandárase a Consellería de Traballo cara ao seu rexistro e publicación. O concello é a primeira ou segunda empresa do municipio e con isto solventase unha eiva dos servizos públicos municipais.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por unanimidade dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran abandona o pleno ás 20:24 minutos.

5.2.- MOCION DO BNG RELATIVA Á PRESCRIPCIÓN DOS FÁRMACOS DE ÚLTIMA XERACIÓN A PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia da moción en que os fármacos han de ser prescritos por especialistas.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 12 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 3 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, dálle a palabra á concelleira Hadriana Ordoñez Otero para expoñela que lee e comenta a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública. Calcúlase, en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado español.

Até recentemente os medios de tratamento dispoñíbeis producían altas taxas de fracaso terapéutico, para alén

de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves. Déronse, ademais, numerosos casos de doentes que non podían someterse a eles por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade hai na Galiza unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadios de evolución da Hepatite C, que non están sendo tratadas, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación viuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi o feito de a axencia europea do medicamento (EMA) aprobar, a principios do ano 2014, o Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a, daquela, ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que @s facultativ@s o puidesen prescribir a aquelas persoas enfermas que o precisaren. A ministra naquela altura acrecentou que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e comunicou que en outubro poderían dispor médicos/as dese medicamento en todo o territorio do Estado español, para o aplicar aos/ás pacientes que o precisasen.

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados, no caso galego, pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellaría de Sanidade.

A día de hoxe sucédense as declaracións públicas de hepatólogos/as a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes para aplicar no territorio do Estado español nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra parte, o desacougo, a alarma e as queixas dos/as doentes de hepatite C, particularmente das persoas postransplantadas non negativizadas e das que se atopan en fase cirrótica (F4), van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non se inclúe dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos/as seus hepatólogos/as, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, é rexeitada ou non contestada.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1. Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e exixir que se garanta o acceso ás novas terapias para as persoas doentes de Hepatite C que o precisaren. Todo isto debe producirse de acordo co criterio de médicos/as especialistas, que deben dispor de todos os recursos que foren precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para o Estudo do Fígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais.**
- 2. Instar ao Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.**
- 3. Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, á titular da Consellería de Sanidade e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.>>**

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. Ricardo Besada Gesto, presenta unha emenda transaccional, substituíndo o parágrafo primeiro dicindo:

“Instar á Consellería de Sanidade a continuar garantindo en condicións de homoxeneidade e equidade o acceso aos novos fármacos ás persoas enfermas de hepatite C de acordo cos criterios establecidos para todo o Sistema Nacional de Saúde, elaborados por expertos na materia e con arreglo á evidencia científica.”

O alcalde dálle a palabra o terceiro tenente de alcalde D. Joaquin Dominguez Salgado (PSdeG-PSOE), que fai alusión ao discurso de onte do presidente do Goberno do Estado, no Debate da Nación e piden que cumpran co prometido.

Acórdase polos grupos aceptar a emenda mais deixando o encabezamento do primeiro

punto.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN coa emenda indicada nos termos acordados, sendo APROBADA por unanimidade dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta, quedando o acordo así:

<<1. Instar ao Goberno galego para que este se dirixa ao Goberno do Estado cara a continuar garantindo en condicións de homoxeneidade e equidade o acceso aos novos fármacos ás persoas enfermas de hepatite C de acordo cos criterios establecidos para todo o Sistema Nacional de Saúde, elaborados por expertos na materia e con arreglo á evidencia científica.

2. Instar ao Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.

3. Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, á titular da Consellería de Sanidade e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.>>

5.3.- MOCION DO BNG EN APOIO DA CONCESIÓN DE ASILO POLÍTICO AO ACTIVISTA SAHARAUI HASSANA AALIA.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, xustifica a urxencia na precariedade da situación e xustiza inmediata que reclama.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 12 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 3 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, dálle a palabra á concelleira Hadriana Ordoñez Otero que lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xaneiro fíxose público o auto de resolución da solicitude de asilo político en España do mozo activista saharauí Hassanna Aalia, en que se lle comunica a denegación da protección e ao tempo que se anuncia a súa saída obrigatoria do territorio español. O prazo concedido para abandonar o Estado español é de 15 días, a pesar do castigo que lle espera e o risco real de ser torturado se regresa ao Sáhara Occidental baixo ocupación de Marrocos.

Hassanna é un mozo saharauí de 26 anos, que naceu no Aaiún e solicitou o asilo político en xaneiro de 2012, tras decatarse que o seu nome figuraba na relación de acusados que ían ser xulgados en Rabat por un Tribunal Militar polos feitos do Gdeim Izik. Hassanna estaba nese momento no Estado español, non por estar perseguido polo seu activismo en favor da causa saharauí, senón para estudar cunha bolsa que lle foi concedida para aprender español. A lei española que regula as condicións para a solicitude de asilo político establece cláusulas e prazos excepcionais cando as circunstancias que xustifican a petición se deben a causa sobrevida no país de orixe, como sucedeu neste caso.

Hassanna Aalia figura no Sumario de Instrución do Tribunal Militar Permanente para a Forza Armada do Reino de Marrocos, xunto con outros 24 acusados, todos civís. Foi xulgado en rebeldía e, a teor da súa condena a cadea perpetua nunha sentenza que foi lida perante observadores de Human Rights Watch e Amnistía Internacional, entre outros, existen sobrados motivos para determinar que o retorno de Hassanna ao Sáhara Occidental suporía un risco real para a súa integridade física.

Mais o Ministerio do Interior denegou a súa petición, a pesar de contar cun contundente informe de ACNUR, que apoiaba a solicitude en virtude das circunstancias excepcionais de Hassanna Aalia, recoñecendo o seu activismo, as detencións que sufriu, os malos tratos, o acoso e a presión á que foi sometido por parte da policía marroquí, e a tortura de que foi obxecto. A primeira vez que foi torturado tivo lugar en outubro de 2005, cando tiña 17 anos, por participar nunha manifestación pacífica á saída da escola. Estivo dous días retido e, segundo declarou Hassanna, “os maltratos comezaron na mesma rúa onde fun arrestado e seguiron dentro do vehículo. Xa en comisaría, espíronme, colgáronme boca abaixo durante varias horas e non me deixaron beber auga”.

Interior denegoulle a protección internacional porque na sentenza escrita non figura o nome de Hassanna entre os condenados, aínda que os observadores internacionais confirmaron que si foi nomeado na sala cando se leu o veredito a cada un dos acusados. Por esta razón, o Estado español considera que hai un procedemento penal inconcluso e, aínda que non o di expresamente, no fondo está avalando a validez dun xuízo que foi denunciado polas máis importantes organizacións internacionais de defensa dos Dereitos Humanos por non ofrecer ningunha garantía ás persoas procesadas.

Por estes motivos, facendo súa a petición da Delegación Saharai na Galiza e de Solidariedade Galega co Pobo Saharai, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e esixir ao Ministerio de Interior que en virtude da lexislación española e do compromiso do noso país co respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharai de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharai recoñecido pola lexislación internacional, dado que o seu retorno ao Sáhara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.

2. Remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio do Interior, instando ao tempo a suspensión inmediata da orde de abandono do Estado español.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. Ricardo Besada Gesto, di que apoian a moción sempre que se mude o termo “esixir” por “solicitar”, unha cuestión lóxica de diplomacia.

O alcalde dálle a palabra o terceiro tenente de alcalde D. Joaquin Dominguez Salgado (PSdeG-PSOE), o cal di que aprobaran a moción pola situación de dificultade do mozo e que debe contar co noso apoio.

O alcalde di que quizás podamos ir a un termo intermedio como “demandar”.

Os grupos municipais amosan a súa conformidade.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN coa emenda indicada nos termos acordados , sendo APROBADA por unanimidade dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta, quedando o acordo así:

<<1. Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e demandar ao Ministerio de Interior que en virtude da lexislación española e do compromiso do noso país co respecto aos Dereitos Humanos conceda o Asilo Político a Hassanna Aalia, activista saharai de Dereitos Humanos e defensor do dereito de autodeterminación do Pobo Saharai recoñecido pola lexislación internacional, dado que o seu retorno ao Sáhara Occidental supón un risco real para a súa integridade física.

2. Remitir de forma inmediata esta solicitude ao Ministerio do Interior, instando ao tempo a suspensión inmediata da orde de abandono do Estado español.>>

5.4.- MOCION DO BNG PARA DEMANDAR UN PLAN DE EMPREGO FEMININO.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A concelleira do grupo municipal do BNG, Hadriana Ordoñez Otero, xustifica a urxencia da moción pola precariedade laboral actual que afecta de xeito mais acusado ás mulleres.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 12 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 3 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A concelleira do grupo municipal do BNG, Hadriana Ordoñez Otero, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de desigualdade que viven as mulleres galegas viuse acentuada co aumento da precariedade laboral desde comezos da crise, sen a implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que sitúa as mulleres á marxe e que lles deixa cada vez máis as portas abertas ao desemprego, ao emprego precario ou á emigración. Diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego e as lamentábes condicións dos traballos que desempeñan as mulleres na Galiza a día de hoxe, así como o elevadísimo número, sobre todo de mozas, que se viron obrigadas a abandonaren o noso país na procura dun futuro mellor. Falan os datos de diferentes estudos, entre eles os publicados polo IGE, e reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos.

A pesar de escoitarmos insistentemente o discurso da igualdade conseguida, a realidade reflicte que a fenda salarial continúa ampliándose e as mulleres son as principais afectadas cando nos referimos ás persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social. Asemade, o desigual reparto de responsabilidades á hora de asumir o traballo non remunerado supón que a maternidade sexa un factor de penalización sobre o emprego das mulleres. As chamadas políticas de austeridade frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivel lexislativo como de realización de programas concretos. Así, algúns instrumentos con medidas antidiscriminatorias, como a *Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres* de Galiza, está paralizada. Nesta lei manifestábase o compromiso da Xunta de Galiza para integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade no ámbito laboral. Algunha das medidas máis necesarias neste momento incluídas nesta lei, como é a posta en marcha de medidas que melloren o emprego feminino, continúa a agardar pola súa implementación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redeiras,...- atendendo especificamente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O vicevoceiro do grupo municipal Partido Popular, D. Ricardo Besada Gesto, presenta unha emenda de substitución:

“Instar á Xunta de Galicia a que dentro dos seus programas operativas para o fomento do emprego, as mulleres sexan un obxectivo prioritario”

Os vogais dos grupos municipais amosan a súa conformidade.

Sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN coa emenda indicada nos termos acordados , sendo APROBADA por unanimidade dos 12 membros presentes

dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta, quedando o acordo así:

<<Instar á Xunta de Galicia a que dentro dos seus programas operativas para o fomento do emprego, as mulleres sexan un obxectivo prioritario.>>

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Chegado a este punto non se presenta ningún.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:52 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:53 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo